

## A literatura galega entre 1975 e a actualidade.

### Índice

- 1.- Introducción: contexto histórico
- 2.- A poesía
  - 2.1.- Panorama xeral da poesía desta época. Grupos e características
  - 2.2.- A poesía dos anos 70. Os *Novísimos*
  - 2.3.- A poesía dos anos 80. Tendencias e autores. O culturalismo, a poesía do cotián e o experimentalismo
  - 2.4.- A poesía a partir dos anos 90. Características e autores
- 3.- A prosa
  - 3.1.- Panorama xeral da narrativa desta época. Grupos e características. As novas temáticas
  - 3.2.- Autores máis representativos
- 4.- O teatro
  - 4.1.- O teatro independente. O grupo de Ribadavia
  - 4.2.- O teatro profesional. Características, compañías e autores

### 1. Introducción: contexto histórico.



Coa chegada da democracia, o panorama social e cultural de Galicia muda radicalmente. Remata a persecución dos usos públicos do galego, que é recoñecido idioma oficial na nosa comunidade pola Constitución de 1978, e iníciase unha progresiva normalización da lingua. Complétase o longo proceso de estandarización do galego, coa publicación das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, que son declaradas oficiais en 1982 e serán a referencia para a maior parte das publicacións escritas.

Por outro lado, regularízase o ensino da lingua e da literatura galegas no ensino non universitario. Isto supón unha grande revita-

lización do sector editorial en lingua galega, tanto na publicación de libros de texto como de libros de lectura literaria. Ao mesmo tempo, provoca a aparición dunha sorte de subxénero narrativo de temática e expresión especialmente adaptadas aos gustos adolescentes.

Créanse novas editoriais e dispárase o nú-

mero de vendas do libro en galego. Algúns autores galegos comezan a ser traducidos a outras literaturas, o que supón unha maior difusión da nosa literatura no resto do Estado. A colaboración institucional, con importantes subvencións á cultura galega por parte da administración autonómica, consolida tamén outros sectores, como o teatro profesional ou o sector audiovisual.

## 2. A poesía.

### 2.1. Panorama xeral da poesía desta época. Grupos e características.

O último terzo do século XX e os principios do XXI caracterízanse por unha verdadeira eclosión poética e por unha evolución do xénero, que desemboca na decadencia do socialrealismo anterior e na diversificación temática e formal.


Na década dos 70, o grupo de poetas denominado os *Novísimos* continúan cultivando este tipo de poesía comprometida mais, a partir da publicación en 1976 de *Con pólvora e magnolias* de X. L. Méndez Ferrín e *Mesteres*, de A. López Casanova, comezaranse a explorar novas vías formais e o discurso poético se abrirá a contidos de carácter intimista, existencial e cultural.

A partir da década dos 80, consolídase unha importante tendencia culturalista, centrada nunha obsesión polo coidado da forma e a expresión culta. Con posterioridade, xa na década dos 90, aparecen novas voces guiadas por unha actitude crítica e irreverente que se expresa cunha linguaxe máis natural e explora os camiños do experimentalismo.

Moitos dos autores deste período agrúpanse en **colectivos literarios** que presentan unha estética común. Aparecen así, na década dos 70, Rompente, integrado por Antón Reixa, Alberto Avendaño e Manuel María Romón, en Vigo; e Cravo Fondo, integrado por X. Rábade Paredes, Helena Villar

e Ramiro Fonte, entre outros, en Santiago. Na década dos 80, Xabier Cordal e Serxio Iglesias, entre outros, crean Ronseltz; e na década dos 90 aparece o Batallón Literario da Costa da Morte, integrado por Estevo Creus, Miro Villar e Rafa Villar, entre outros.

Cobran unha grande importancia **premios** literarios como o Esquíu, o Celso Emilio Ferreiro ou o Espiral Maior, de gran prestixio e alto nivel de participación, que incentivan a creación poética. Tamén son moi relevantes as **revistas** literarias e culturais que comezan a proliferar, entre as que se poden destacar *Dorna*, *Loia* ou *Feros corvos*. Por outro lado, a partir dos anos 80 lévanse a cabo interesantes **experiencias multidisciplinares**, moitas delas de carácter experimental e de creación colectiva, nas que a poesía se interrelaciona coa música, o vídeo e as artes plásticas.



## 2.2. A poesía dos anos 70. Os *Novísimos*.

A decadencia da poesía socialrealista comeza na década dos 70 e reflíctese na antoloxía de M<sup>a</sup>. Victoria Moreno *Os novísimos da poesía galega* (1973). Esta obra dá nome a un grupo de poetas aínda preocupados pola denuncia e a reivindicación, que loitan a prol da lingua galega, das liberdades individuais e colectivas e da visión de

Galiza como nación. Estes autores introducen progresivamente temáticas intimistas e procuran novos métodos expresivos. Forman parte do grupo dos *Novísimos* Darío Xohán Cabana, Lois Diéguez, Helena Villar Janeiro e Xesús Rábade Paredes.

## 2.3. A poesía dos anos 80. Tendencias e autores. O culturalismo, a poesía do cotián e o experimentalismo.

**O CULTURALISMO.** Nos anos 80 abandónase a estética socialrealista. Un grupo de autores inicia unha poesía denominada culturalista, que manifesta unha gran preocupación formal, un gusto por unha linguaxe culta e un gran coidado na elaboración poética. Volven a empregar, en parte, os metros clásicos, como o soneto ou os versos rimados e de regularidade métrica. En canto á temática, cobra especial importancia o intimismo, a reflexión




X. M<sup>a</sup> Álvarez Cáccamo

metaliteraria, os asuntos sociais (cunha visión actualizada) e o culturalismo. É moi significativo neste grupo de autores a presenza de abundantes referencias culturais, como a intertextualidade. Nas súas composicións toman elementos doutras literaturas (portuguesa, española, hispanoamericana, universal...), desde os clásicos grecolatinos até a época contemporánea. Tamén botan man doutras disciplinas como a mitoloxía, a filosofía, a música, as artes plásticas ou os medios de comunicación.

Os principais autores deste grupo son Xosé

María Álvarez Cáccamo, Manuel Forcadela, Ramiro Fonte e Miguel Anxo Fernán Vello. Álvarez Cáccamo (*Praia das furnas*) explora preferentemente o territorio das propias vivencias e a memoria familiar desde a evocación en ton elexíaco ou desde o compromiso reivindicativo. Manuel Forcadela (*Ferida acústica de río*) presenta unha poesía dominada pola expresión culta e a intertextualidade. Ramiro Fonte (*Designium*) reflexiona no seu discurso lírico sobre o paso do tempo e a nostalgia e evoca os espazos íntimos con abundancia de símbolos. Fernán Vello (*Do desexo en corpo e sombra*) é autor dunha obra dominada polo amor, o erotismo, a soidade e a paisaxe.



M. A. Fernán Vello

**A POESÍA DO COTIÁN.** Como unha reacción ao ás veces excesivo rigor formal da liña culturalista, aparece esta corrente que reivindica unha expresión natural (en ocasións mesmo coloquial) que toma como temática preferida a expresión da realidade máis próxima, da vida do día a día. Os autores desta tendencia reflícten tamén desde o

intimismo aspectos biográficos, aínda que sen abandonar totalmente unha certa reflexión social. Os autores máis importantes



Manuel Rivas

son Pilar Pallarés (*Entre lusco e fusco*), Lois Pereiro (*Poesía última de amor e enfermidade*) e, sobre todo, Manuel Rivas. Este autor, un dos poetas máis relevantes das últimas décadas (a par de excelente narrador) ca-

racterízase por un discurso sinxelo e unha linguaxe directa, aínda que ás veces dotada dunha certa carga simbólica. Algunhas das súas obras principais son *Libro do entroido*, *Balada nas praias do oeste* e *Costa da Morte blues*.

**A POESÍA EXPERIMENTAL.** Unha reacción máis radical fronte ao culturalismo foi a

levada a cabo por autores e colectivos que, recuperando en certa maneira o espírito irreverente das vangardas, realizan unha poesía rupturista e experimental. Mostran unha vocación transgresora na recreación da realidade máis próxima, que se converte no centro da súa poesía. A súa obra emprega os recursos da poesía visual, incluíndo debuxos, fotos e outros elementos visuais, formando *collages*, caligramas ou xogando coa disposición tipográfica. Os autores desta corrente tamén experimentan con experiencias multidisciplinares relacionadas coa música, o vídeo e as artes plásticas. Algúns dos autores máis representativos son Xavier Seoane (*Poesía visual*) ou os membros do colectivo Rompente (*Silabario da turbina*, libro colectivo): Antón Reixa (*Historia do rock and roll*), Alberto Avendaño (*Facer pulgarcitos tres*) e Manuel María Romón (*Galletas kokoschka non*).

#### 2.4. A poesía a partir dos anos 90. Características e autores.

Na década dos 90 prodúcese unha gran profusión de autores de poesía. A produción poética alcanza o 40 % dos libros publicados en Galicia. Ademais do labor hexemónico da editorial Espiral Maior, aparecen proxectos colectivos, moitos deles sen ánimo de lucro, para daren saída a todo o caudal poético desta nova xeración de autores, como as Letras da Cal ou as Edicións do Dragón. Ademais, coa aparición e a popularización de internet, aproveítanse as novas tecnoloxías para incorporar a poesía a numerosas páxinas web e blogs literarios e revistas literarias, como *Feros corvos*.

As correntes poéticas emerxentes destas últimas décadas rompen coa medida, co equilibrio e coa procura da beleza formal para potenciar a creación de textos “desaliñados” que se distinguen polo seu instinto vital, o seu desequilibrio ou a súa exube-

rancia, optando pola vía da linguaxe prosaica e polo fragmentarismo na organización estrutural do poema. Dentro da gran pluralidade estética que manifestan estes autores, destaca, daquela, a simplificación formal e conceptual e a linguaxe directa, así como o predominio do subxectivismo e o ton vivencial, a presenza actualizada e puntual da temática social e a marcada preferencia polo versolibrismo.



Yolanda Castaño

Os autores máis representativos son Chus Pato (*Nínive*), Rafa Villar (*Liques de memoria*) -que compón xunto con Estevo Creus, Miro Villar e outros poetas o Batallón Literario da Costa da Morte-, Yolanda Castaño (O

*libro da egoísta*), e o colectivo Ronseltz. Este grupo, integrado cuxo principal representante é Xabier Cordal, realiza unha poesía colectiva de gran carga paródica e in-

tención transgresora de expresión vangardista (*Unicornio de cenorias que cabalgas os sábados*).

### 3. A prosa.

#### 3.1. Panorama xeral da narrativa desta época. Grupos e características. As novas temáticas.

No inicio deste período, mediada a **década dos 70**, conviven autores consolidados da etapa anterior, como Cunqueiro ou Blanco Amor, e os autores da Nova Narrativa Galega, como Méndez Ferrín e Carlos Casares, coa presenza de novos narradores que procuran novos camiños: X. Fernández Ferreiro, Paco Martín, Xoán I. Taibo ou A. Rei Ballesteros.


**Nos anos 80**, a narrativa ábrese a grande variedade de subxéneros até entón non abordados na literatura galega, ao tempo que se continúan temáticas existentes. Os autores máis importantes que inician a súa publicación nesta década son Víctor Freixanes, Xabier Alcalá, Alfredo Conde, X. M. Martínez Oca e Carlos Reigosa.

**A partir dos anos 90**, a narrativa consolídase como xénero predominante, ao que mesmo se achegan algúns dos principais poetas. Algúns dos narradores máis importantes destas últimas décadas son Suso de Toro, Manuel Rivas, Fernández Paz, Teresa Moure, Rosa Aneiros ou Domingo Villar.

En canto ao aspecto temático, pódense identificar dúas **tendencias**. Por un lado, está a continuadora da tradición: a temática fantástica ou artúrico-cunqueiriana desenvolvida por Xosé Miranda ou Darío Xoán Cabana; a temática da historia recente, cultivada por Manuel Rivas, Víctor Freixanes ou Rosa Aneiros; o realismo sociolóxico ou a temáticas da realidade contemporánea de Xavier Alcalá ou Manuel Rivas; e a literatura

infantil de Paco Martín, García Teijeiro ou Leticia Costas.

Por outro lado, experimentase a irrupción de novas temáticas e **novos subxéneros** que até ese momento non foran cultivados pola narrativa galega e que van encontrar un extraordinario éxito comercial, en particular o da novela negra, que se inicia coa obra de Carlos Reigosa *Crime en Compostela* e vai ser continuado posteriormente por escritores como Aníbal Malvar, Domingo Villar ou Miguel Anxo Fernández.



Outras temáticas novas son o *western* (X. Fernández Ferreiro, Carlos Reigosa), a novela erótica (X. López Valcárcel, Isidro Novvo), a ficción futurista (R. Caride Ogando, A. Fernández Paz), a ficción política (X. Fernández Ferreiro), a narrativa humorística (Gonzalo Navaza, A. Álvarez Cáccamo) e a novela urbana e experimental (Suso de Toro, Xurxo Borrazás).

É de destacar de maneira especial a proliferación de novelas dirixidas a un público



adolescente, con temáticas propias da idade e un estilo simple e accesible que, aproveitando a escolarización en galego, conseguen un notable éxito de vendas. Os seus principais representantes son A. Fernández Paz, Marina Mayoral e Fina Casalderrey.

Neste período, créanse unha serie de **premios** literarios, algúns deles cunha gran dotación económica e todos cun gran prestixio, que revitalizarán o panorama da narrativa galega. Os máis importantes son a Modesto Figueiredo de narración curta, os premios Blanco Amor, Xerais e García Barros, de novela e o Merlín, de narrativa infantil.

Estes premios e o éxito de autores como Alfredo Conde, Manuel Rivas ou Suso de Toro estimulan o consumo da narrativa galega. Entre a década dos 90 e o ano 2000 a edición do libro galego duplicase. Moitos dos narradores galegos comezan a ser traducidos con regularidade ao castelán e mesmo a outras linguas.

### 3.2. Autores máis representativos.



**VÍCTOR FREIXANES.** Xornalista e editor, foi elixido presidente da Real Academia Galega en 2017. Destaca na literatura pola temática histórica. Gaña o premio Blanco

Amor con *O triángulo inscrito na circunferencia*, a primeira novela longa da literatura galega, de grande complexidade e barroquismo. Outras obras son *A cidade dos céspedes* e *O fresco. Memoria dun fuxido*.



**XABIER ALCALÁ.** Autor enormemente prolífico, encádrase nunha primeira etapa dentro do denominado realismo sociolóxico, con novelas de grande impacto, como *A nosa cinza* e *Fábula*. Despois alterna

ficción e crónica de viaxes, en obras como *Nos pagos de Huinca Loo* ou *Latitude austral*.



**ALFREDO CONDE.** Despois dunha primeira etapa de realismo social (*Mementos de vivos*), incorpórase ao proceso de renovación da nosa narrativa con *Xa vai o grifón*

*no vento*, a súa obra máis ambiciosa e de maior éxito. Posteriormente presentará novelas de gran dispersión temática (fantasía, emigración, novela histórica...). Outras narracións relevantes son *Breixo* e *Memoria de Noa*.



**CARLOS REIGOSA.** Con *Crime en Compostela*, novela de extraordinario éxito editorial, inicia o xénero da novela negra na literatura galega e abre un camiño de narrativa

de fácil consumo para lectores/as menos elitistas. Reigosa é autor tamén de *O misterio do barco perdido*, *Os outros disparos de Billy* e *Pepa a Loba*.



**SUSO DE TORO.** Autor de grande influencia na narrativa das últimas décadas, móvese entre o realismo sucio e a novela experimental. A temática das súas obras é plenamente urbana, o estilo tende ao fragmentarismo, cunha linguaxe simple e directa, en ocasións coloquial, e os personaxes e as situacións están moi ligadas á vida cotiá. Algunhas das súas obras máis representativas son *Polaroid*, *Tic-tac*, *Calzados Lola* e *Trece badaladas*.



**MANUEL RIVAS.** É talvez o narrador actual con maior proxección editorial e mediática. Tanto no relato breve como na novela, mostra un interese por retratar o presente e a historia máis recente do noso país. Destacan as historias centradas na problemática da Guerra Civil e a posguerra: *Que me queres, amor?*, *O lapis do carpinteiro* e *Os libros arden mal*. Outras obras importantes son *Un millón de vacas*, *As voces baixas* ou *O último día de Terranova*.



**A. FERNÁNDEZ PAZ.** Autor moi prolífico e de grande éxito de vendas, sitúa a meirande parte da súa obra dentro da narrativa infantil e xuvenil, achegándose ás temáticas de misterio e de terror, cun estilo

fluido e asequíbel para o gran público. Entre as súas principais achegas, *As flores radiactivas*, *Aire negro*, *O único que queda é amor* ou *Corredores de sombra*, destaca *Cartas de inverno*, un dos maiores éxitos editoriais dos últimos tempos.



**ROSA ANEIROS.** Xornalista e ensaísta, comeza a destacar na narrativa con *Resistencia*, unha novela sobre a historia recente de Portugal. En *Sol de inverno* (galardoadada co Premio Xerais), relata, cun grande lirismo, unha historia de exilio como consecuencia da Guerra Civil, a través do periplo vital da protagonista. É autora tamén de *Ás de bolboreta*.



**DOMINGO VILLAR.** Autor de dúas novelas de extraordinario éxito, recibiu numerosos premios e converteuse nun dos fenómenos editoriais máis salientábeis dos últimos anos. Ambas as novelas, *Ollos de auga* e *A praia dos afogados*, están enmarcadas no xénero policial, e presentan, cunha excelente construción narrativa e combinando suspense, humor e localizacións urbanas, a resolución dun caso de asasinato na comarca de Vigo por parte do inspector Caldas.

## 4. O teatro.

### 4.1. O teatro independente. O grupo de Ribadavia.

A pesar de que o fenómeno do teatro independente ten a súa eclosión nos anos 60, a meirande parte das obras dos autores que integran o Grupo de Ribadavia (ou Grupo Abrente) son publicadas neste período, polo que cómpre que recuperemos este movemento que xa analizamos no tema 8 (A lite-

ratura galega entre 1936 e 1975. O teatro: xeración dos 50 e Grupo de Ribadavia).

A mediados dos anos 60, aparecen os primeiros grupos de teatro independente galego (O Facho, Teatro Circo, Keyzán...). Na década seguinte, o teatro independente



espállase por toda Galiza, converténdose nun fenómeno de extraordinaria vitalidade. Nacen numerosas e importantes compañías: Antroido, Artello, Troula... Superando numerosos atrancos económicos e institucionais, desempeñan, alén da divulgación cultural, unha función política, de loita contra a ditadura.

Os seus obxectivos son rescatar o teatro das salas convencionais para achegalo ao público en todo tipo de locais, tanto urbanos como rurais; romper co concepto de compañía estábel do teatro burgués e apostar pola itinerancia e a creación colectiva; pescudar novos métodos para a creación e a representación, sempre cun afán experimental, aberto a todo tipo de influencias; e crear unha rede teatral no país que permita o desenvolvemento dunha dramaturxia galega moderna e comprometida.


En 1973, a Agrupación Cultural Abrente de Ribadavia convoca a I Mostra de Teatro Galego e o I Certame Abrente de textos dramáticos. Con esta iniciativa, Ribadavia convértese no principal punto de encontro do mundo do teatro galego. Ao tempo que se fomentan e popularizan as representacións teatrais, estímúlase, co premio Abrente, a creación de textos de teatro. O exemplo de Ribadavia é seguido, aínda que con menor transcendencia, por outras localida-

des galegas (Vigo, A Coruña, Lugo, Cariño, Fene...).

Arredor da Mostra de Ribadavia créase o denominado **Grupo de Ribadavia** ou Grupo Abrente, formado por autores que teñen unha destacada participación nel e que gañan o premio Abrente. Ademais de escritores, son tamén directores, promotores de compañías e algúns deles mesmo actores. Os principais representantes deste grupo son Manuel Lourenzo, Euloxio R. Ruibal, Roberto Vidal Bolaño e Francisco Taxes. Todos eles presentan características comúns: impulsan a profesionalización do sector, crean un teatro comprometido coa realidade social e política do país, exploran novas formas estéticas, actualizan as vellas e incorporan á dramaturxia galega os logros da dramaturxia europea contemporánea e serven de guía e modelo para as xeracións posteriores.



**MANUEL LOURENZO.** Importante director, actor, tradutor, profesor e ensaísta (*O teatro galego*), é un dos principais autores do teatro contemporáneo. Destaca polo emprego da mitoloxía clásica nas súas pezas *Fedra* e *Electra*, mesturada coa tradición popular galega. Outras obras importantes son *Romería ás covas do demo* e *As dunas*.



**EULOXIO R. RUIBAL.** Preocupado polo compromiso coa realidade social e política do país, conxuga nas primeiras obras tendencias das vangardas europeas da época coa tradición da época. Posteriormente realizará achegamentos ao teatro ruralista e á temática histórica. Algunhas das súas obras máis representativas son *Zardigot*, *O cabodano* e *Azos de esguello*.



**R. VIDAL BOLAÑO.** É un dos autores máis polifacéticos da escena galega das últimas décadas, sempre cunha gran dose de crítica, contra os abusos do poder, da Igrexa, da sociedade de consumo..., e unha extraordinaria forza dramática. Ade-

mais de autor, foi actor, director e fundador das compañías Antroido, Teatro do Estaribel e Teatro do Aquí. No ano 2013 dedicóuselle o Día das Letras Galegas. Algunhas das súas principais obras son *Laudamuco*, *señor de ningures*, *Agasallo de sombras*, *Saxo tenor* e *Días sen gloria*.

#### 4.2. O teatro profesional. Características, compañías e autores.

A década dos 80 supón o inicio da profesionalización do teatro galego. En 1980 créase en Sada a Asociación Profesional do Teatro Galego. Comezan a aparecer por todo o país, mais fundamentalmente nas principais cidades, compañías profesionais que crean salas estables para representaren as súas obras e as doutros grupos, nun primeiro momento faltas de apoios institucionais: Antroido, Mari-Gaila, Estaribel en Santiago, Artello en Vigo e Luís Seoane na Coruña.



En 1984 comeza a funcionar o **Centro Dramático Galego**, dirixido por Eduardo Alonso, cunha importante dotación de medios. Este organismo, dependente da Xunta de Galicia, supón un importante fito para a consolidación do teatro profesional galego e convértese no seu principal referente. Comeza un labor de produción de obras de autores tanto galegos como do teatro universal e pon e contacto a dramaturxia galega coa do resto de España e Portugal, ao

convidar directores non galegos e establecer lazos con outros organismos teatrais da Península.

Ao mesmo tempo, ponse en funcionamento por parte da administración autonómica un importante sistema de subvencións á produción de espectáculos teatrais que posibilita a proliferación de numerosas compañías estables, entre as que destacan Troula, O Moucho Clerc, Teatro do Atlántico, Teatro de Aquí, Sarabela, Teatro do Noroeste, Chévere, Matarile ou Teatro do Morcego.

As tendencias temáticas que caracterizan estas últimas décadas do teatro galego son as seguintes:

- A crítica social de aspectos da sociedade, moitas veces desde unha perspectiva humorística ou paródica. Destaca nesta temática o teatro de Xesús Pisón e de Riveiro Loureiro.
- O culturalismo, caracterizado por unha reflexión sobre a vida e as súas relacións coa arte (Miguel Anxo Fernán Vello e Lino Braxe).
- O neorruralismo, que enlaza coa tradición de preguerra, mais aparece modernizado e actualizado (Francisco Taxes e Raúl Dans).
- A intertextualidade, centrada na volta aos clásicos, que segue unha dobre perspectiva: a do aprofundamento en cuestións

que afectan ao ser humano (autores do Grupo Abrente) e a de entreter e divertir (Cándido Pazo, Quico Cadaval e Eduardo Alonso).

- O teatro histórico, que enlaza con autores do período anterior (María Xosé Queizán e Cándido Pazó).

Nestas últimas décadas do teatro galego, a par dos xa consagrados autores do Grupo Abrente, dos que xa falamos, aparecen novos autores, como Cándido Pazó, Raúl Dans ou Quico Cadaval, que en moitos casos compatibilizan o seu labor de creación de textos coa interpretación e a produción de espectáculos. **Cándido Pazó**, autor de *Raiñas de pedra*, *Binomio de Newton* ou *A piragua*, integra na súa obra elementos re-

novadores na busca dun teatro interactivo entre actores e público. **Raúl Dans** (*Matalobos*, *Lugar*, *Nachtmahr*) ofrece como liña temática principal o mundo rural e a identidade do ser humano e o seu papel na sociedade. **Quico Cadaval**, un dos directores teatrais de maior prestixio na actualidade, é tamén autor de importantes textos, caracterizados polo seu espírito transgresor e o humorismo crítico, como *O código clandestino*, *O rouxinol da Bretaña* ou *Espantoso*.



Quico Cadaval

7.- Antoloxía de textos.

1 Dos gregos aprendín que ríos e regatos

Dos gregos aprendín que ríos e regatos son deuses que abandonan por veces os seus pazos e gozan con vagar camiños e meandros, regueiros e fervezas, torrenteiras e saltos.

Así que non me enganas, oh Miño derrubado no límite do inverno, alá no fin de Marzo, que sei que te apresuras, que sei que vas de paso, a ollar polas ribeiras, nas árbores dos campos, a dádiva de Abril, os galanos de Maio.

MANUEL FORCADELA, *Morte do fadista* (2000)



3 Miña nai traballa nunha fábrica de conservas

Miña nai traballa nunha fábrica de conservas.

Un día miña nai díxome:  
o amor é unha sardiña en lata. ¿Ti sabes como se preparan as conservas en lata?

Un día miña nai díxome: o amor é coma unha obra de arte en lata.

Filla

¿sabes de onde vés? Vés dun viveiro de mexillóns en lata. Detrás da fábrica, onde podrecen as cunchas

e as caixas de peixe. Un fedor imposible, un azul que non vale. De alí vés.

Ah! dixen eu, entón son a filla do mar.

Non.

Es a filla dun día de descanso.


Ah! dixen eu,  
son a filla da hora do bocadillo.

Si, detrás, entre as cousas que non valen.

LUÍSA CASTRO, *Baleas e baleas* (1988)

María

maría  
tres sílabas nos beizos  
preñadas  
de vento/  
maría  
nome elemental  
para escribilo nas paredes  
–esprai nos dedos–/  
maría  
espiral  
na  
noite  
silencio/  
maría  
corpo concreto  
maría  
muller:  
nas rúas  
e...  
maría  
ti  
e eu  
espallados  
por galicia



MANUEL M.ª ROMÓN (Grupo Rompente) (1979)

Hai veces...

hai veces que sendo feliz,  
estando triste,  
agardo que volvas,  
que regreses a estas mans e a esta voz,  
que regreses a este corpo,  
con tantas indecisións e madrugadas.

RAFA VILLAR, *O devalo do mar*

Ás veces digo amor

Ás veces digo amor  
e só teño silencio  
ás veces digo patria  
e sei soamente que esta é a terra que nos deron  
e nela asento os meus pasos para sempre  
sen máis preguntas ensarillando o vento  
ás veces digo amor  
e ninguén fala  
e segue o tempo caendo lentamente  
medido polo espasmo do reloxo  
e ti pasas  
sen mirar sen me mirar



como un fantasma enviso aqueloutrado  
sen me ver  
e sigo un pouco máis  
calada  
levo o selo do teu desleixamento sobre os beizos  
e sinais no meu brazo da túa ausencia  
levo o rostro mancado e os dentes malferidos  
de tanto afastamento  
ás veces vorto os ollos sobre a terra  
miro de esguello a fiestra do suicida  
repito amor  
e só ecoa o silencio no baldeiro.

PILAR PALLARÉS, *Sétima soidade* (1983)

6

### Crime en Compostela

Deron unha volta completa pola rúa do Franco –convertida nun formigueiro de estudantes en permanente homenaxe a Baco–, rememoraron acontecementos do tempo que levaban sen verse (máis de dous anos) e intercambiaron algunhas anécdotas e historias triviais; pero moi pronto a conversa regresou ó presente, da man de Nirvardo.

–Pensou Teresa que, se o seu home é culpable, a súa aventura con Aurelio saíría á luz?

–Si, pensouno. E, se se proba que o seu home é o culpable, non ten inconveniente en que todo saia ás claras. E no caso de que non o sexa..., quizabes tampouco lle importe moito, non o sei.

–Esa é a primeira cuestión que se formulou e que aínda está investigando a policía, supoño, tal e como mandan os canons; pero eu coído que non é a pregunta correcta neste caso. Para min, que aquí arden outras ceras...

–Non obstante, o común é que ninguén mate por nada. Se alguén matou a Aurelio, tivo que ser por algo, por gañar, por defender ou por castigar algo, polo que sexa, pero ten que haber un motivo. O que pasa é que non sempre é doado de descubrir.

–O motivo é o que fai que tódolos crimes sexan imperfectos, non?

–O crime perfecto é o que non se comete. Alfred Hitchcock comparábo co matrimonio perfecto, que tamén existe mentres a un non o atrapan, mentres un non casa.

Separáronse diante da renacentista fachada do Colexio de Fonseca, sede hoxe en día do Parlamento Autonómico. Carlos Conde subiu cara ó Palacio de Raxoi, onde quedara cun conselleiro. Nirvardo Castro deambulou polas rúas da Raíña e do Franco, as dúas ben concorridas, e ó pouco, sen darse de conta, atopouse de volta no punto de partida: a praza de Fonseca. Avistou sobre a dereita, ó fondo, a praza



do Obradoiro, inconfundible, e cara a ela se dirixiu. Non estivera alí desde que, con quince anos, o trouxeran nunha excursión organizada polo Seminario de Mondoñedo, pero recordábo todo.

Avanzou ata o centro da praza, cara ó Hostal dos Reis Católicos. Os seus coñecementos culturais, irregulares e moi descoidados, abundaban para percibir que se atopaba nunha das prazas máis prodixiosas do mundo e quizabes a única que reunía semellante variedade de estilos á vista: o románico arcaizante da portada do Colexio de San Xerome –hoxe Reitoría da Universidade–, o barroco exuberante e curvilineo da fachada da catedral, o plateresco requintado do Hospital Real –agora hostel de cinco estrelas– e o neoclásico frío e sereno do palacio de Raxoi; harmonía de séculos e estilos imposible de igualar.

E por se todo isto non chegase, alí estaba, no fondal, a carón da catedral, o sobrio palacio de Xelmírez, cunha parte antiga –á que se accede desde a praza do Obradoiro– que está considerada como a obra máis sobranceira da arquitectura civil da Idade Media.

CARLOS G. REIGOSA, *Crime en Compostela* (1994)

7

### O lapis do carpinteiro

Está arriba na galería, escoitando os merlos.

Carlos Sousa, o periodista, dixo grazas cando ela o convidou a pasar co aceno dun sorriso. Si, grazas, pensou mentres subía a escaleira, na porta de cada casa debería haber dous ollos coma eses.

Sentado nunha cadeira de vimbio, a carón dunha mesa [...], coa man pousada no libro aberto [...], o doutor Da Barca miraba cara ao xardín, envolto nunha aura de luz de inverno. A estampa sería apracible de non ser que respiraba por unha máscara de osíxeno. O tubo que o unía coa bombona colgaba sobre as flores brancas das plantas de azalea. [...]

Cando se decatou da visita, alertado polo renxer das táboas do chan da sala, o doutor [...] ergueuse e retirou a máscara cunha sorprendente axilidade [...]. Era alto e ancho de om-

bros, e mantiña alzados os brazos en arco. Semellaba que a súa función máis natural era a do abrazo.

Sousa sentiuse perplexo. Levaba a idea de ir ver un agonizante. Afrontou incomodado o encargo de arrincarlle as derradeiras verbas a un ancián de vida axitada. Pensaba escoitar un fio de voz incoherente, a loita patética contra o mal de Alzheimer. Endexamais puidera imaxinar unha agonía tan luminosa, coma se en realidade o paciente estivese conectado a un xerador. Non era ese o mal, pero o doutor Da Barca tiña a beleza tísica da tuberculose. Os ollos agrandados como lámpadas veladas de azul. Unha palidez de louza, vernizada en rosa nas meixelas.

Velaquí tes o reporteiro, dixo ela sen deixar de sorrir. Fíxate qué noviño.

8

## Saxo tenor

(A cada pouco escóitase ó lonxe o monótono fungar das sirenas erguéndose fachendosas sobre o rebumbio rutineiro do tráfico, e máis preto, ali mesmo xa, sobre o enlousado da rúa, o bater duns pasos achegándose. Dous homes dobran a esquina e intérganse na encrucillada. Un é vellouco e cano, e o outro está na flor da madureza. O vello portado cun frac choqueirón e provisorio, do que destaca sobremaneira unha paxarela vermella, das de lazo, salpicada de lunares brancos, o que lle imprime á súa figura un certo aire de louco ou de pallaso. O outro viste con coidada informalidade e còbrese cunha gabardina longa, das de cinto.)

O TÍO SAM: Non esqueza o que acordamos. Nome completo, alcume e retrato. O meu e o dela. Tome nota Ramón Freire Taboada, alias «O Tío Sam» e Hortensia Fontes López, alias «Rita Hayworth». En primeira páxina e en letras ben grandes. ¡Vai saber ese cabrón o que é bo! (No medio da praza xa.) Mire, aquí foi onde mataron o rapaz vai para dous anos e onde onte veu morrer ela.

O HOME GRIS: Por que di veu morrer? Matárona, non?

O TÍO SAM: Si, pero... eu enténdome. Como é que me dixos que se chamaba?

O HOME GRIS: Quen? A tipa esa?

O TÍO SAM: Non, ela non, vostede.

O HOME GRIS: Non llo dixen.

O TÍO SAM: Pois non o faga! Canto menos saibamos un do outro, mellor. E non era unha tipa, era unha señora. ¿Impórtalle que así, entre nós, lle chame Johnny?

O HOME GRIS: Por que me habería de importar?

O TÍO SAM: Quen sabe? O mundo está cheo de xente moi rara, e non a todos lles gusta que os chamen por un nome distinto ó que teñen de seu. A min é que sempre me tirou moito todo o americano, e de aí que lle poña á xente nomes de alá. De coñecidos, ou de famosos. Vostede lémbreme a alguén a quen apreciei moito. Era de Cincinnati, e chamábase así, Johnny. Traballaba para a mafia, ¿sabe?, pero era legal cos amigos coma poucos. ¿Dixenlle xa que, aquela noite de marras, mentres pasaba o que pasou, puñan na española *Un tranvía chamado desexo*?



O HOME GRIS: Dixos. Do que aínda non soltou prenda foi do resto.

O TÍO SAM: Cada cousa ó seu tempo. O que é a vida, ¿non si, Johnny? Ás veces relembro todo, teño chegado á estraña conclusión de que, no fondo, aquela non tería sido unha noite moi distinta a outra calquera, se non fose porque... ¿Como se chama o tipo ese célebre da camiseta suada?

O HOME GRIS: Brando, Marlon Brando.

O TÍO SAM: O actor non! O personaxe!

O HOME GRIS: A miña cultura cinematográfica non dá para tanto.

O TÍO SAM: É un nome ruso. Ou, mellor dito, polaco, Stranski ou Polanski... ou algo así.

O HOME GRIS: Kovalski!

O TÍO SAM:... Iso é! Kovalski! Ben! Pois xusto no momento en que o tal Kovalski ese lle espetaba á súa cuñada aquilo de... (Para si)... mais ou menos... «Xa está ben, Blanche, deixa de provocarme. Eu son cento por cento americano, nacido e criado no país máis grande do mundo e orgulloso de selo, así que non me chames polaco», o cabrón ese que tanto presume de bo e de honrado e a quen eu coñezo tal como verdadeiramente e, colleuna a ela polo brazo e... ¿Prendeu xa o aparello?

O HOME GRIS: Non, aínda non...

O TÍO SAM: Pois préndao, ¿a que agarda?

(O home faille caso. Quita un magnetófono pequeno dun dos petos da gabardina e pono en marcha.)

ROBERTO VIDAL BOLAÑO, *Saxo tenor* (1991)